



XOVES I+D+i

Estimado/a amigo/a:

Debido ao éxito acadado nas primeiras convocatorias do **programa europeo de I+D+i Future Internet Public Private Partnership (FI-PPP)**, do que xa se informou cumpridamente a través dunha xornada e de varios boletíns, nas que foron seleccionados o 50% dos proxectos presentados, e o baixo nivel de esforzo que implica a solicitude, xa que na maioría de aceleradoras a presentación consiste en cubrir un formulario online e presentar un documento de como moito dez páxinas, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) mantén o servizo de apoio á participación neste programa.

FIWARE, nome polo que se coñece este programa, ten por obxectivo apoiar aos emprendedores a levar a súa idea ao mercado. Para elo constituíronse **16 aceleradoras** que traballan en sectores que van dende a agricultura aos medios de comunicación ou á enerxía. Estas aceleradoras **repartiran en total 80 millóns de euros** entre PEME e emprendedores para desenvolver aplicacións e servizos innovadores baseados nas tecnoloxías FIWARE.

As convocatorias lanzadas para participar nos servizos de aceleración do programa FIWARE da Unión Europea **continúan abertas e haberá convocatorias ao longo de todo o ano 2015**. O modelo de aceleración plantexado neste programa dará ás PEME e emprendedores beneficiarios financiamento de entre **50 mil e 150 mil euros por proxecto**. Ademais deste financiamento, o servizo inclúe asesoramento por parte de emprendedores e expertos con gran experiencia, formación, acceso libre ao uso da tecnoloxía FIWARE que permite acelerar o proceso de converter as ideas en realidade e, por tanto, da xeración de negocio e facilitará o networking, permitindo establecer relacións con empresas e axencias doutros países de Europa. **Os beneficios da participación neste programa van, pois, máis aló do importe económico que aportan xa que o asesoramento, networking e formación** que facilitan serán claves no éxito dos proxectos beneficiarios.

A **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** pon ao servizo das PEME e emprendedores/as galegos/as un **servizo de apoio á participación neste programa**. Para optar a este servizo, os/as interesados/as soamente deben enviar cumprimentado este **formulario** ao correo programas.gain@xunta.es, co fin de avaliar a elexibilidade das propostas e seleccionar aquelas con maior potencial de financiamento. Os proxectos seleccionados, ademais de recibir un informe personalizado mostrando as fortalezas e debilidades da súa idea, no caso de decidir presentarse a algunha convocatoria recibirán un servizo de revisión da súa proposta previo á presentación.

Agardamos que esta información sexa do teu interese, despedímonos ata o vindeiro xoves!

